

Enquisa conxuntural a fogares

Datos correspondentes ao Terceiro trimestre de 2025

Data de publicación: 02/10/2025

Principais resultados

- No terceiro trimestre de 2025, o indicador de confianza diminúe 0,76 puntos respecto ao trimestre anterior e sitúase nos -13,01 puntos.
- O 49,91% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes no terceiro trimestre de 2025.

1. Indicadores de confianza

No terceiro trimestre de 2025, o indicador de confianza do consumidor (ICC) situouse en -13,01 puntos, 0,76 puntos inferior que no trimestre anterior. Neste trimestre diminuíron tres dos catro indicadores parciais de perspectivas de evolución: a capacidade futura de aforro (-0,46), a situación financeira persoal (-1,46) e o desemprego (-3,57). Pola súa parte, o indicador de situación económica en Galicia sube 2,45 puntos.

Indicador de confianza do consumidor e as súas compoñentes. Galicia

Unidade: Puntos de -100 a 100


	ICC	Situación financeira persoal (perspectivas de evolución)	Capacidade futura de aforro	Situación económica en Galicia (perspectivas de evolución)	Desemprego (perspectivas de evolución)
2022/III	-23,82	-11,54	-28,97	-30,71	-24,07
2022/IV	-24,53	-11,57	-34,57	-28,33	-23,65
2023/I	-20,96	-7,57	-35,56	-22,15	-18,55
2023/II	-12,05	-4,23	-28,03	-10,41	-5,53
2023/III	-16,77	-6,24	-35,18	-12,61	-13,05
2023/IV	-22,92	-10,25	-38,03	-23,67	-19,71
2024/I	-16,27	-5,12	-31,59	-15,90	-12,45
2024/II	-13,21	-6,61	-28,31	-11,91	-6,01
2024/III	-13,93	-6,17	-27,29	-11,55	-10,70
2024/IV	-16,46	-5,25	-29,17	-16,48	-14,95
2025/I	-13,81	-3,44	-25,95	-15,78	-10,06
2025/II	-12,25	-5,30	-19,49	-18,02	-6,20
2025/III	-13,01	-6,76	-19,95	-15,57	-9,77

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares ([descarga da táboa](#)).

O indicador de confianza do consumidor varía en función dos ingresos do fogar. Os fogares con menores ingresos medios mensuais presentan valores máis baixos no ICC, mentres que a confianza aumenta ao incrementárense os ingresos do fogar. Así, o indicador no caso dos fogares con menos de 600€ ao mes sitúase en -36,02 puntos, namentres que nos fogares cun ingreso por riba dos 3.000€ o indicador sitúase en 3,18.

Indicador de confianza do consumidor (ICC) segundo o intervalo de ingresos mensuais do fogar. Galicia.

Terceiro trimestre de 2025



Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares ([descarga da táboa](#)).

2. Situación económica dos fogares nos últimos tres meses

No terceiro trimestre de 2025, o 49,91% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 43,71% con dificultade e o 6,38% restante con moita dificultade.

Con respecto ao trimestre anterior, descenden 0,53 puntos os fogares que chegan con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, mentres que aumentou a proporción dos que chegan con dificultade (0,44) ou moita dificultade (0,09).

En comparación co terceiro trimestre do ano 2024, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes aumenta 2,13 puntos porcentuais. A porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes diminúe 0,93 puntos entre ambos períodos e a porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade decrece 1,20 puntos.


Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia

Unidade: Porcentaxe

	2024/III	2024/IV	2025/I	2025/II	2025/III
Con facilidade ou moita facilidade	47,78	47,88	46,01	50,44	49,91
Con dificultade	44,64	43,52	45,66	43,27	43,71
Con moita dificultade	7,58	8,60	8,33	6,29	6,38
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares ([descarga da táboa](#))

Porcentaxes terceiro trimestre de 2025. Galicia



3. Medidas económicas tomadas polos fogares nos últimos tres meses

O 13,75 % dos fogares galegos non se permitiu ningún extra nos tres últimos meses. Considéranse como extra os gastos destinados a vacacións ou viaxes, facer fronte a imprevistos ou grandes compras, extras de alimentación, roupa ou calzado, contratar novos servizos para o fogar, saír a cear, ir ao cine... Tamén se inclúe nesta categoría poder aforrar e traballar menos horas ou que algún membro do fogar se permitira deixar de traballar.

No terceiro trimestre de 2025, o 26,64 % dos fogares galegos cambiou os seus hábitos de compra mercando marcas brancas, produtos en oferta etc. Esta foi a medida económica máis habitual empregada polos fogares para reducir os gastos, aumentar os ingresos ou afrontar pagos neste período. Ademais, o 14,92 % dos fogares galegos diminuíu outros gastos comúns (como roupa e calzado, transporte, gas, electricidade etc.), agás alimentación.

Medidas para reducir gastos, aumentar ingresos ou afrontar pagos nos fogares. Galicia

Unidade: Porcentaxe

	2024/III	2024/IV	2025/I	2025/II	2025/III
Cambiar os seus hábitos de compra mercando marcas brancas, produtos en oferta...	29,57	25,82	22,99	29,21	26,64
Diminuír outros gastos comúns, como roupa e calzado, transporte, gas, electricidade..., agás alimentación	20,24	21,19	17,15	13,21	14,92
Algún dos membros do fogar tivo que poñerse a traballar ou aumentar a xornada de traballo	2,16	1,70	0,78	2,92	2,75
Recibir axuda económica de familiares ou amizades	6,08	4,16	3,01	5,11	5,28
Tomar medidas financeiras	4,49	2,65	2,40	3,99	4,12

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares ([descarga da táboa](#)).

4. Medidas económicas que esperan realizar os fogares nos próximos tres meses

Nos próximos tres meses, o 41,85 % dos fogares galegos ten pensado aforrar algo de cartos; o 49,77 % facer algún extra en produtos de alimentación; o 73,28 % saír a cear, a cafeterías, ir ao cine ou ao teatro, e o 22,46 % facer fronte a imprevistos ou grandes compras.

Fogares que teñen pensado permitirse os seguintes extras nos próximos tres meses. Galicia

Unidade: Porcentaxe

	2024/III	2024/IV	2025/I	2025/II	2025/III
Pagarse unhas vacacións, viaxes ou estadias de lecer	14,74	14,39	13,95	21,73	17,25
Saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro	70,66	66,54	64,34	73,66	73,28
Facer fronte a imprevistos ou grandes compras	26,36	25,34	21,12	22,66	22,46
Aforrar algo de cartos	36,68	37,12	38,49	42,24	41,85
Facer algún extra en produtos de alimentación	51,44	60,56	44,43	49,01	49,77
Algunha compra extraordinaria en roupa ou calzado	19,55	25,48	18,89	18,51	15,77

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares ([descarga da táboa](#)).

5. Compra de vivenda e coche nos fogares

O 12,92 % dos fogares galegos está pagando a vivenda principal na que habitan, o 10,51% o coche e o 2,91% unha segunda vivenda. Con respecto ao terceiro trimestre de 2024, baixou 1,94 puntos a porcentaxe de fogares que paga a vivenda habitual.

Fogares que teñen comprado e están pagando vivenda ou coche. Galicia

Unidade: Porcentaxe

	2024/III	2024/IV	2025/I	2025/II	2025/III
Vivenda principal	14,86	13,61	13,43	12,47	12,92
Segunda vivenda	2,88	3,08	2,61	2,94	2,91
Coche	8,53	8,51	8,22	8,13	10,51

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares ([descarga da táboa](#)).

6. Notas metodolóxicas

Os obxectivos principais da [Enquisa conxuntural a fogares \(ECF\)](#) son os seguintes:

- Construír o Indicador de Confianza do Consumidor (**ICC**) e o Indicador de Sentimento do Consumidor (**ISC**), que permiten obter un rápido coñecemento dos cambios na percepción do consumidor respecto as súas expectativas de gasto e aforro, así como da situación económica persoal e xeral da comunidade autónoma. As percepcións dos fogares, independentemente dos indicadores macroeconómicos, son unha ferramenta moi útil para a análise económica a curto prazo.
- Proporcionar información sobre as medidas que toman, ou pensan tomar, os fogares galegos segundo sexa a súa propia situación económica: decisións sobre os gastos efectuados, aforro, número de horas a traballar, solucións financeiras, etc.

O ICC varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador amosan optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos consumidores galegos.

7. Definicións, metodoloxía, fontes e máis información

Definicións

- [Definicións](#)

Metodoloxía

- [Metodoloxía](#)

Descarga de datos

- [Indicador de confianza do consumidor \(ICC\) e as súas compoñentes. Galicia](#)
- [Indicador de confianza do consumidor \(ICC\) e indicador de sentimento do consumidor \(ISC\) por intervalo de ingresos do fogar. Galicia](#)
- [Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia](#)
- [Fogares que non se permitiron ningún extra nos últimos tres meses. Galicia](#)
- [Fogares que tomaron as seguintes medidas para reducir gastos, aumentar ingresos ou afrontar pagos nos últimos tres meses. Galicia](#)
- [Fogares que teñen pensado permitirse os seguintes extras nos próximos tres meses. Galicia](#)
- [Fogares que teñen comprado e están pagando a vivenda ou o coche. Galicia](#)

Fontes de información

IGE. Enquisa conxuntural a fogares elaborada polo IGE.